

# EN MARCHA



Concello de Cedeira  
Concellería de Deportes

CEDEIRA - MARZO | ABRIL 2016 - NÚMERO 44 - EDICIÓN GRATUITA

## XV FESTA DO DEPORTE CEDEIRÉS



**Raúl López  
Iglesias e  
Marcos Pernas  
Piñón  
Millores  
Deportistas  
Cedeireses do  
ano 2015**



## Cedeira SD

Despois de varias victorias seguidas o equipo da vila xogaba na casa contra o San Tirso, un equipo da parte alta da clasificación. O equipo do Cedeira fixo unha primeira parte memorable e acabou gañando o partido por 4-1 nun partido que nunca se esquecerá por ser o último partido ca camiseta do Cedeira do porteiro Abraham, que ficha polo Viveiro da preferente norte. Dende o Cedeira queremos dar as grazas a Abraham e que sempre será benvido e esta será a súa casa. Tamén significou o debut e o regreso o equipo da súa a terra a Martín Ponce.

Tras tres victorias consecutivas o Cedeira xogaba contra o Victoria fóra da casa e o equipo de Hector Aneiros sumou unha derrota e acaba así a racha de 3 partidos seguidos gañando.

No seguinte encontro o Cedeira perde por 0-1 contra o Marino nun partido moi inxusto e nunha xogada de mala sorte. O equipo tivo ocasións para empatar e levarse o encontro pero non houbo fortuna.

O seguinte partido foi contra o Maravillas nun partido que foi o debut de 2 fichajes novos o do ex porteiro do mugardos, Monty e o ex xogador do Somozas B, Marco. O partido foi claramente para Cedeira que xa na primeira metade gañaba

por 0-4, resultado co que se chegaría ao final dos 90 minutos.

Os seguintes partido do Cedeira na casa foi contra o líder, o Betanzos, era o regreso do que fora porteiro do Cedeira, Ángel. O equipo cedeirés perde o partido por un contundente 0-4. O seguinte partido fora da casa o Cedeira empata 1-1 contra o Club do Mar de Caión nun partido moi inxusto no que o equipo do Beco merecía gañar o partido.

O primeiro partido do mes de abril o Cedeira recibía a un equipo da parte alta da tabla, o Boimorto, un partido importantísimo no que o equipo do Beco necesitaba gañar para non complicarse e non sufrir para lograr a permanencia. Pero o equipo de Héctor Aneiros xoga un gran partido e consegue unha victoria por 4-1 nun partido no que todo o equipo realizou un gran encontro. Asímesmo o Cedeira a falta de cinco xornadas está a 2 victorias de conseguir a permanencia outro ano máis na 1ª rexional, xa que se enfrenta a rivales directos. Os últimos partidos de liga son os seguintes:

Carral- Cedeira SD (10 abril) - Cedeira SD-Sporting Ciudad (17 abril) - Imperator-Cedeira SD (24 abril) - Cedeira SD-Orillamar (1 maio) - Abellá-Cedeira SD (8 maio).



## Clube de Remo Cedeira

**Bo comezo do Clube de Remo Cedeira na liguilla de bateis da zona norte de Galicia.**

O pasado sábado 20 de febreiro deu comenzo a liguilla de bateis da zona norte de Galicia na que o Remo Cedeira participa tódolos anos. Este ano o club conta con tres representantes nesta liguilla, unha tripulación de cadete masculino e outras dúas absoluto masculino.

A primeira cita desta liguilla tivo lugar na Cabana (Ferrol), onde a tripulación cadete masculina, formada por Adrián, Luis, Bruno e Antonio, logrou a 3ª posición por detrás do Club de Remo A Cabana e do Club de Regatas Perillo, unha das tripulacións senior conseguiría o 3º posto e a outra tripulación absoluta faríase coa victoria.

Durante o mes de marzo seguirán coa liguilla, e acudirán ás regatas de Narón, Rianxo, A Cabana e Riveira.

Un bo comenzo para as nosas tripulacións, que teñen a vista posta no mes de abril, mes no que se celebran os campionatos territorial norte, galego e de España.



## Campionato de España de remoergómetro e de fondo celebrado en Sevilla.

Durante os días 30 e 31 de xaneiro, déronse cita en Sevilla os mellores remeiros das categorías cadetes, xuvenil, absoluto e veteranos do panorama nacional. O Clube de Remo Cedeira estaría representado por tres remeiros. Na categoría cadete Francisco Tojeiro, na xuvenil Joao Pedro da Silva e por último na categoría veterano Eduardo González.

Ó longo de toda a xornada do sábado día 30, se disputaría o campionato de España de remoergómetro, na que os cedeireses obterían con Francisco o posto 20º, Joao o 17º e Eduardo sería 9º.

Na xornada do domingo, os cedeireses deberían recorrer un total de 6000 m ó longo do Guadalquivir, os nosos remeiros volverían a conseguir unhas boas posicións cun posto 21º de Fran e o posto 39º de Joao (este último sufriu unha avería na embarcación a media regata, o que o privou de

facerse cun posto máis alto na clasificación).



En resumen un bo fin de semana no que os nosos remeiros seguen sumando km e collendo experiencia neste tipo de competicións a nivel nacional.



## Baile Latino

Este mes celebrouse na estrada o XV Trofeo da Cidade da Estrada na que Fernando e Icíá quedaron primeiros na categoría standar f. A partir de agora xa suben a categoría segunda territorial, outro reto máis a superar. O día 20 celebrouse o trofeo en Ribadumia no que acadaron un cuarto posto en latinos e un sexto posto en standar sendo a primeira competición nesta categoría. O proximo día 10 de abril celebrarase en Narón o Trofeo Cidade de Narón e os campeonatos galegos de baile latino .

Sorte rapaces!!!

## XV Festa do Deporte Cedeirés

No polideportivo municipal de Cedeira, celebrouse o pasado venres 18 de marzo a "XV Festa do Deporte Cedeirés", un evento onde cada club da vila reconece a labor dos seus deportistas máis destacados durante o ano na súa especialidade (natación, fútbol, remo, karate...) e como remate da gala dáse a coñecer aos mellores deportistas do ano, galardón que esta vez foi para os remeiros do Clube de Remo Cedeira, "Raúl López Iglesias e Marcos Pernas Piñón", campións de España e campións autonómicos en dobre scull alevín masculino de remo olímpico.

Este ano reconecéronse as modalidades de: remo, natación, triatlón, fútbol, atletismo, bádminton, deportes adaptados, taekwondo, hípica galega, kárate, kickboxing, caza e pesca e baile deportivo.

Ademais, na gala, a Concellería de Deportes e o Concello de Cedeira recoñeceron mediante mencións especiais varias labores destacadas como: o valor de Manuel García Iglesias (rescatador do Helimer Galicia), os 20 anos do Club Deportivo Apader, os 50 anos da primeira medalla nacional de remo, o campión do mundo de ornitología deportiva José A. García Villar, aos veteranos de bádminton polo seu bo facer no Campionato de España e ao atleta José Ángel López Villar campión en varias disciplinas no atletismo veterán.

A gala contou, ademais de cos integrantes da corporación municipal e representantes dos diferentes clubs da vila, cunha gran afluencia de público, o que ven a demostrar o bo facer que os clubs cedeireses veñen a desenvolver ao longo do ano.



Os/as deportistas nomeados/as na Festa do Deporte polos seus clubs foron os seguintes:



Fútbol: "Laura Rodríguez Caneiro" (1ª xogadora na historia do Cedeira SD en conquistar o subchampionato galego coa selección de Ferrol)



Remo: (feminino) "Noemi Martín Piñón" (medalla de prata no galego de remo olímpico e 11ª no campionato de España)



Remo: (Masculino) "Raúl López Iglesias e Marcos Pernas Piñón" (campións galegos e campións de España de remo olímpico)



Natación: (feminino) "Elsa López Lourido" e "Ainhoa García Barreiro"



Natación: (Masculino) "Manuel Riveiro Leonardo" (campión galego en 100 e 200 braza)



Atletismo: (feminino) "Andrea López López"



Atletismo: (Masculino) "equipo alevín, formado por Jesús López, Fabio Sousa, Lois Blanco, Ángel Breijo e Iván Fragueta"



Triatlón: (feminino) "Inés Graña González" (campiona galega alevín e ouro no ranking galego)



Triatlón. (Masculino) "Juan Pérez Pérez"



Bádminton: (feminino) "Marta García pérez" (Masculino) "Daniel Montero Cotelo" (subcampións galegos de dobres mixtos sub-15)



Taekwondo: "Xan Rodríguez Caridad" (subcampión galego promesas junior e subcampión da copa internacional cidade da Coruña)



Hípica deportiva galega: "Borja Rodríguez Guergué" (campión galego de andadura na modalidade de catro tempos)



Kárate: “Nerea Casas Yáñez” (1ª muller en acadar o cinto negro federativo con 14 anos )



Actividades cinexéticas: “Fabián Barge Vilela” (campión galego de caza de arceas)



Deportes adaptados: “Pamela Lafuente Agrasar”



Baile deportivo: “Fernando Loureiro Domínguez”(5º no ranking nacional e 2º no ranking galego da modalidade estándar e latinos”



Kyckboxing: ”Daniel Georgescu” (campión copa deputación junior-64kgs)



Mención Especial: ao valor de Manuel García Iglesias (rescatador do Helimer Galicia)



Mención Especial: aos 20 anos do Club Deportivo Apader,



Mención Especial: os 50 anos da primeira medalla nacional de remo



Mención Especial: ao campión do mundo de ornitoxía deportiva José A. García Villar



Mención Especial: aos veteráns de bádminton polo seu bo facer no Campionato de España



Mención Especial: ao atleta José Ángel López Villar campión en varias disciplinas no atletismo veterán.

Noraboa a tódol@s premiad@s na festa e emplazámosvos a tod@s para a festa do vindeiro ano !!!



Un dos nosos obxectivos máis importantes é o de poder ofrecer grandes experiencias a os nosos deportistas, de xeito que poidan ter vivencias que lles axuden a seguir medrando como persoas ben formadas e educadas no deporte.

### CAMPIONATO GALEGO ATLETISMO EN PISTA CUBERTA 5 MARZO, A CORUÑA

Neste caso un dos nosos pequenos atletas conseguiu a clasificación para un Campionato Galego de Pista Cuberta, por vez primeira na historia do noso clube. É un orgullo que os nosos deportistas sigan marcando un percorrido exemplar paso a paso. Así, Damián Suárez participou nos 1000 metros lisos conseguindo a medalla de Bronce. Noraboa!!

### CLASIFICATORIO DUATLON (CORRER+BICI+CORRER) 5 MARZO, SANTIAGO

Deportista	Categoría	Proba	Posto
INÉS SERANTES	Benxamín	500m+2km+250m	7º
LUCAS RIOLA	Benxamín	500m+2km+250m	10º
SAMUEL SÁNCHEZ	Benxamín	500m+2km+250m	21º
LUCÍA SÁNCHEZ	Alevín	1000m+4km+500m	11º
INÉS GRAÑA	Infantil	1500m+6km+750m	BRONCE
AINHOA GARCÍA	Infantil	1500m+6km+750m	4º
RAÚL FREIRE	Infantil	1500m+6km+750m	37º
NOELIA SERANTES	Cadete	2km+8km+1km	4º
RICARDO FREIRE	Cadete	2km+8km+1km	19º

O primeiro duatlón clasificatorio desta tempada transcurriu dun xeito moi bo para os nosos duatletas. Seguen progresando pouco a pouco e adquirindo unhas habilidades moi importantes de cara ao futuro. O máis destacado foi a medalla de Bronce conseguida por Inés Graña en categoría infantil. Clasifícanse para o Campionato Provincial: Inés Serantes, Lucas Riola, Samuel, Lucía, Inés Graña, Ainhoa, Noelia e Riki. Noraboa!!

### CAMPIONATO PROVINCIAL CAMPO A TRAVÉS 6 MARZO, NARÓN

O campo a través é unha disciplina dura polas condicións da superficie embarrada en con auga, pero os nosos deportistas divirtense máis se cabe deste xeito. En Narón disputaron unha proba con moitos participantes e moito nivel. Disfrutamos una vez máis dos nosos atletas e puidemos ver as súas grandes actuacións. O máis destacado foi o Ouro de Damián Suárez e a clasificación de Andrea para o Campionato Galego de Campo a Través. Noraboa a todos!!

### CAMPIONATO DE ESPAÑA DE NATACIÓN POR SELECCIÓN 12 Y 13 MARZO, PLASENCIA

MANUEL RIVEIRO: 100 BRAZA 6º Posto | 200 BRAZA 8º Posto | 4X100 Estilos 8º Posto | Seleccións: Galicia 5º Posto

Si antes falábamol de facer historia, agora seguimos dun xeito espectacular. Manuel Riveiro foi convocado pola Selección Galega de natación para participar no Campionato de España por Comunidades Autónomas. Participou moi activamente nos éxitos de Galicia, conseguindo uns históricos resultados para o noso clube. Isto nos demostra a todos que con un bo traballo e constancia pódense superar todas as dificultades coas que nos atopamos para poder adestrar nas mesmas condicións que os demais nadadores de España. Aínda así, Manuel é capaz de situarse como un dos mellores especialistas de braza a nivel nacional. O seu futuro pasa por mellorar as súas condicións de adestramento de xeito urxente.

Deportista	Categoría	Proba	Posto
JESUS LOPEZ	INFANTIL	1800 M	20º
FABIO SOUSA	INFANTIL	1800 M	26º
ANDREA LÓPEZ	INFANTIL	1800 M	4º
ANGEL BREIJO	ALEVIN	1200 M	9º
DAMIÁN SUAREZ	BENXAMIN	800 M	OURO
PABLO OTERO	BENXAMIN	800 M	36º
SAMUEL SANCHEZ	BENXAMIN	800 M	42º



### CAMPIONATO GALEGO CAMPO A TRAVÉS 12 MARZO, A ESTRADA

Andrea conseguiu clasificarse para o Campionato Galego de Campo a Través por vez primeira na historia do clube (vaia mes que levamos!!). Tras quedar as portas o pasado ano, esta vez conseguiu un dos obxectivos pensados para esta tempada, polo que o seu rendemento segue medrando pouco a pouco. Presentouse en A Estrada co obxectivo de aprender e disfrutar dunha dura proba, e así foi. Cunha saída un pouco accidentada polos numerosos participantes, pero que foi capaz de ir superando postos e cruzar a meta nun estupendo 30º posto. Noraboa!!

Deportista	Categoría	Proba	Posto
INES SERANTES	BENXAMÍN	50M+500M	10º
DAMIÁN SUÁREZ	BENXAMÍN	50M+500M	OURO
LUCAS VIVERO	BENXAMÍN	50M+500M	5º
SAMUEL SANCHEZ	BENXAMÍN	50M+500M	13º
ANGEL BREIJO	ALEVIN	100M+500M	4º
AINHOA GARCIA	INFANTIL	200M+1000M	4º
INES GRAÑA	INFANTIL	200M+1000M	15º
JUAN PEREZ	INFANTIL	200M+1000M	OURO
NOELIA SERANTES	CADETE	400M+2000M	10º
EQUIPO BENXAMÍN MASCULINO			1º
CLUB NATACIÓN CEDEIRA MUEBLES GARCÍA			5º

## CAMPIONATO GALEGO NADA E CORRE 12 MARZO, PONTEVEDRA

Deportista	Categoría	Proba	Posto
INES SERANTES	BENXAMÍN	500M+2KM+250M	4º
DAMIÁN SUÁREZ	BENXAMÍN	500M+2KM+250M	OURO
SAMUEL SANCHEZ	BENXAMÍN	500M+2KM+250M	11º
LUCIA SANCHEZ	ALEVIN	1000M+4KM+500M	7º
JESÚS LÓPEZ	ALEVIN	1000M+4KM+500M	BRONCE
AINHOA GARCIA	INFANTIL	1500M+6KM+750M	6º
INES GRAÑA	INFANTIL	1500M+6KM+750M	5º
RAUL FREIRE	INFANTIL	1500M+6KM+750M	26º
NOELIA SERANTES	CADETE	2000M+8KM+1000M	PRATA

seu potencial. É un luxo poder ver como se esforzan día a día e como disfrutan do deporte. O máis destacado son os novos Campións Galegos do clube: Juan Pérez e Damián Suarez. Así como unha excepcional 5ª posición no ránking galego de clubes e o 1º posto por puntos do Equipo Benxamín masculino!! Noraboa a todos!!

### CLASIFICATORIO DUATLON (CORRER+BICI+CORRER) 19 MARZO, VEDRA

Os nosos duatletas conseguen mellorar os resultados de Santiago e ascenden postos na clasificación deste duatlón de Vedra. Da gusto velos participar e disfrutar nestes eventos!!

O máis destacado as medallas conseguidas por Damián, Noelia e Jesús.

Noraboa unha vez mais!

### MEMORIAL JOAQUIN ROMERO CAMPO A TRAVÉS 26 MARZO, COBAS, AS CABAZAS

Nunha desapacible mañá os nosos atletas demostraron a súa boa labor nun percorrido moi duro e bonito a vez. Noraboa a todos!!

Despedimos este mes de Marzo dun xeito espectacular, conseguindo facer historia en varias ocasións e facendo crer todavía máis neste proxecto e no traballo deste clube (deportistas,



país e nais, directiva e os nosos adestradores Sonia e Xan).  
Resumo do máis destacado deste mes:

- Manuel Riveiro 5º, 6º

e 8º no Campionato de España de Natación por Seleccións

- Juan Pérez CAMPION GALEGO de Nada+Corre  
- Damián Suárez CAMPIÓN GALEGO de Nada+Corre

- Damián Suárez BRONCE no Campionato Galego de Atletismo en Pista Cuberta

Sólo nos queda seguir nesta liña de traballo, intentando que os deportistas se sintan a gusto no noso club, que disfruten do deporte o máximo posible e que melloren día a día.

Noraboa a todos!!

Con 10 participantes clasificados nas xornadas anteriores nos presentabamos en Pontevedra para disputar o Campionato Galego de Nada+Corre. Seguimos mellorando e como dato destacar que o ano pasado clasificamos a 4 deportistas e neste ano máis do dobre, isto fainos crer neste proxecto e danos forzas para seguir traballando polos nosos deportistas. Realizaron unhas probas espectaculares e mostraron o



Deportista	Categoría	Proba	Posto
RICARDO FREIRE	CADETE	4000M	6º
RAUL FREIRE	INFANTIL	3400M	PRATA
DAMIÁN SUÁREZ	BENXAMÍN	800M	OURO
ALBERTO RODRIGUEZ	BENXAMÍN	800M	BRONCE

## 3ª CARREIRA NOCTURNA SAN ISIDRO – CEDEIRA

SÁBADO 7 DE MAIO DE 2016 | 22:00 HORAS

PROBA PUNTUABLE PARA O CIRCUITO CEDEIRA DEPORTE 2016

### CATEGORÍAS E DISTANCIAS

BENXAMÍN	(2007 E POSTERIORES)	800 METROS
ALEVIN	(2005 E 2006)	1800 METROS
INFANTIL	(2003 E 2004)	1800 METROS
ABSOLUTA	(2002 E ANTERIORES)	5000 METROS

### INSCRIPCIÓN

[www.prueba-t.es](http://www.prueba-t.es)

### RECOLLIDA DORSAIS E CHIPS

O mesmo día da proba na secretaría de competición ata las 21:30 horas.

### PREMIOS

Premios aos 3 primeiros clasificados de cada categoría masculina e feminina.

### SERVIZOS PARA O ATLETA


Gardarroupa | Avituallamento | Duchas (polideportivo municipal)

### MAIS INFORMACIÓN

Director da proba: Xan Xosé Suárez Vilela - 652 214 833 | [xan.suarez@prueba-t.es](mailto:xan.suarez@prueba-t.es)

A organización resérvase o dereito de realizar as oportunas modificacións da proba no caso de que así se requira para o seu correcto desenvolvemento.

Organiza:



Colabora:



## Kárate “TROFEO DE NEGREIRA”

No campionato celebrado en Negreira na data do 23 de Xaneiro do 2016 participaron Gabriel Miranda Pérez e Nerea Casas Yáñez do Club Kárate Cedeira. Ambos fixeron un gran campionato, aínda que a Gabriel non lle foi posible achegarse ó podio.

Non así Nerea que fixo unha impresionante actuación, chegando á final e acadando o segundo posto.

A continuar loitando para manter este gran nivel!!



## Club deportivo apader

O pasado mes de marzo comezou a Liga Autonómica de Baloncesto de Special Olympics. O noso equipo participa, un ano máis, no máximo nivel da competición. Esta será unha tempada na que intentaremos recuperar o campionato, perdido a temporada pasada pola diferenza de puntos. O equipo leva 4 anos participando nesta liga e xa obtivo 3 ligas e 1 subcampionato. Ánimo ós 11 integrantes do equipo, estaremos ahí para animar.

Neste mes de abril o CP Apader entra de cheo en todas as competicións deportivas nas que participa. O vindeiro día 6 desprazaranse á Cañiza para participar no Campionato Galego de Natación da FGADA (federación), ó que acudirán 9 deportistas que competirán en distintas probas. O día 9 celebrarase os XXI Xogos Autonómicos de Deportes Minoritarios de Special Olympics, nas instalacións multiusos Fontes do Sar en Santiago de Compostela; 23 serán os deportistas que participen en disciplinas como bádminton, tenis de mesa, petanca e probas adaptadas. O 14 de abril, celebrarase no pabillón municipal de Cedeira a primeira xornada da liga de baloncesto de special olympics, no que o noso equipo intentará recuperar a liga perdida a temporada pasada. O encontro será contra ASPNAIS A, que foi o equipo gañador na edición anterior. O día 17 comezamos coa liga norte, na que, a primeira xornada será de natación no pabillón municipal de A Gándara (Narón), 8 deportistas asistirán para revalidar os bos resultados obtidos o ano pasado. Finalmente, o día 23 celebrarase os xogos autonómicos de atletismo de special olympics na cidade de Vigo, ó que acudirá una representación de deportistas do noso club.

## Bádminton, XXXVIII Campionato Galego de Bádminton Veterán

O pasado sábado 20 de febreiro, celebrouse nas instalacións do polideportivo municipal da nosa vila, a 38ª edición do Campionato Galego de Bádminton na categoría de veteranos.

O Bádminton Cedeira, clube anfitrión, presentou 14 xogadores para esta cita, cuxa participación é imprescindible para poder disputar o Campionato de España que este ano vai ter lugar en Ourense.

A competición transcorreu ó longo de toda a xornada sen ningunha incidencia coa participación de máis dun cento de xogadores de entre 30 e 74 anos, procedentes de tódala comunidade autónoma.

Como era de esperar o noso clube fixo un gran papel e acadou 4 ouros e catro pratas, sendo Hilda Martínez a xogadora máis destacada do torneo con 2 ouros (individual e dobres femininos con Josefa Pérez e prata en dobres mixtos con Juan Antonio Rodríguez, na categoría C2).



Destacar tamén a Dolores López con un ouro e unha prata (dobre mixto con Santiago Freire e individual C2).

O outro ouro caía na categoría A2 con Jorge Torres e Sonia Ramas. Jorge repetiría no dobres masculino A2 acadando a prata con Diego Freire.

E a última prata viría da man de Juan A. Rodríguez e Santiago Freire que logo dun disputado e polémico partido, cedían na final diante dos representantes do Clube do Mar da Coruña.

En fin unha xornada apaixonante que rematou preto das 10 da noite coa entrega de premios que presidiu a Concelleira de Cultura e Turismo María Xosé Rodríguez.

